

## **POLÍTICA DE PRIVACIDADE PARA CLIENTES DE SERVIZOS DE TELECOMUNICACIÓNS**

A prestación dos Servizos de R supón o tratamento de datos de carácter persoal do Cliente persoa física ou de Representantes do Cliente persoa física ou Cliente persoa xurídica (en diante, o Representante), que se tratarán consonte o previsto na presente Política de Privacidade.

R reserva o dereito de modificar os presentes termos canto ao tratamento de datos persoais dos nosos clientes ou os seus Representantes para axetalos a novidades legais ou xurisprudenciais, ou a cambios nos procesos de negocio. Nestes casos os Clientes ou os seus Representantes serán convenientemente informados destes cambios, cunha antelación razoable á súa posta en práctica.

Data de entrada en vigor da versión actual: 1/05/2024

➔ **Quen é o responsable do tratamento dos seus datos?**

➔ **Con que finalidade tratamos os datos e baixo que lexitimación?**

➔ **Tratamentos relacionados coa prestación do servizo**

➔ **Tratamentos relacionados coa prevención da fraude**

➔ **Solvencia patrimonial**

➔ **Mellora da calidade dos nosos servizos**

➔ **Información comercial**

➔ **A quen comunicamos os seus datos?**

➔ **Transferencias internacionais**

➔ **Durante canto tempo conservaremos os seus datos?**

➔ **Información necesaria e actualizada**

➔ **Cales son os seus dereitos?**

➔ **Códigos de conduta**

## ➡ **Quen é o responsable do tratamento dos seus datos?**

As Sociedades seguintes en calidade de Corresponsables do Tratamento:

- Euskaltel S.A. CIF: A-48766695 e enderezo Parque Tecnológico, Edificio 809. 48160 Derio e
- R Cable y Telecable Telecomunicaciones S.A.U. CIF: A-15474281 e enderezo Rúa Real 85 15003 A Coruña

Ambas teñen a mesma delegada de Protección de Datos (DPD ou DPO), con quen pode contactar enviando un correo electrónico a [dpd@mundo-r.net](mailto:dpd@mundo-r.net)

### Que significa Corresponsables?

Significa que ambas as Sociedades determinaron de forma conxunta a finalidade de cada un dos tratamentos de datos persoais relacionados cos seus Clientes que van realizar, así como os medios que utilizarán nestes tratamentos, sistemas de información e outros.

Independentemente da Sociedade á que se dirixa á hora de solicitar o exercicio dalgún dereito de protección de datos, estes serán atendidos igualmente, aínda que para sermos máis áxiles lle pedimos que nos informe de que é cliente de **R**.

Para regular esta Corresponsabilidade ambas as Sociedades asinamos un contrato específico onde figuran as funcións e responsabilidades de cada unha. Será responsabilidade da Sociedade coa que existe a relación contractual:

- Facilitarlle toda a información relativa aos tratamentos dos seus datos.
- Obter as probas necesarias da lexitimidade do tratamento, incluídos os consentimentos.
- Tramitar e dar resposta aos dereitos que nos solicite: acceso, oposición, supresión, portabilidade, etc.
- Comunicarlle a vostede ou á Axencia Española de Protección de Datos calquera violación dos seus datos persoais que poida supor un risco para vostede.

Mentres que será responsabilidade conxunta de ambas as Sociedades:

- Definir cada tratamento de datos e a información sobre eles que se lle vaia transmitir.
- Realizar as diferentes análises de riscos en protección de datos, Avaliacións de Impacto en Protección de Datos e as consultas á Axencia Española de Protección de datos que sexan necesarias.
- Manter seguros os seus datos mediante a definición, implantación, seguimento e evolución das medidas de seguridade necesarias, segundo as citadas análises de riscos.
- Xestionar adecuadamente os incidentes de seguridade que puidesen acontecer, para reducir o seu impacto sobre vostede.

## ➡ **Con que finalidade tratamos os datos e baixo que lexitimación?**

Os datos que solicitemos verbo da relación contractual establecida cos nosos Clientes serán tratados coas seguintes finalidades:



Tratamentos relacionados coa prestación do servizo

<b>Finalidade</b>	<b>Base de lexitimación</b>	<b>Datos tratados</b>	<b>Prazo de tratamento</b>
-------------------	-----------------------------	-----------------------	----------------------------

<p><b>Cliente:</b> xestión das solicitudes de contratación, provisión, activación e prestación dos servizos, facturación e cobro, desconto en saldos para prepago, atención a dúbidas, incidencias ou reclamacións derivadas da prestación do servizo.</p> <p><b>Representante:</b> mantemento do contacto co Cliente, ao que representa para as finalidades anteriores.</p> <p><b>Ambos:</b> Xestión do acceso á área privada de clientes (web ou App)</p>	<p><b>Cliente:</b> execución dun contrato ou medidas precontractuais.</p> <p><b>Representante:</b> interese lexítimo para permanecer en contacto co cliente ao que representa e co que temos un contrato.</p>	<p>Datos identificativos, de contacto, servizos contratados, consumos e uso dos servizos, datos de facturación e pagamento, incluíndo medios de pagamento, recargas e facturas emitidas, así como datos de identificación de dispositivos, tráfico de telecomunicacións, incluídos enderezo IP e localización, na medida en que sexan necesarios para a prestación do servizo e a súa facturación.</p>	<p>Durante a relación contractual.</p> <p>Os <a href="#">datos relativos á Lei 25/2007</a> manteranse 12 meses dende a súa xeración.</p> <p>As facturas electrónicas manteranse á disposición do cliente 3 anos.</p>
<p><b>Cliente:</b> Xestión das solicitudes de portabilidade numérica entre Operadores de telecomunicación.</p>	<p>Obriga legal: artigo 33 da Lei 11/2022, de 28 de xuño, Xeral de Telecomunicacións.</p>	<p>Datos identificativos, números que se van portar, operadora orixe/destino.</p>	<p>Portabilidade saínte: durante a xestión da portabilidade.</p> <p>Portabilidade entrante: durante a relación contractual.</p>
<p><b>Cliente:</b> xestión das reclamacións das cantidades que este deba pola prestación de servizos.</p> <p><b>Representante:</b> xestión do contacto co cliente ao que representa para a reclamación de cantidades que este deba.</p>	<p>Interese lexítimo: estamos facultados para iniciar as accións necesarias para o recobro das cantidades debidas polos Clientes.</p>	<p>Datos identificativos e de contacto, datos de facturación e pagamento.</p>	<p>Ata o pagamento da débeda.</p>

<p><b>Cientes:</b> Comunicación ao Sistema de Xestión de Datos de Abonado da CNMC, con diversas finalidades establecidas legalmente, como, por exemplo, proporcionar información aos servizos de emerxencia (112).</p>	<p>Obriga legal: Circulares CNMC 1/2013 e 5/2014</p> <p>Consentimento: Para figurar en guías de abonado e sistemas de consulta, así como o uso destes datos con fins publicitarios.</p>	<p>Datos identificativos e de contacto, información do servizo contratado e, en certas ocasións, de localización.</p>	<p>Mentres dure a relación contractual.</p> <p>Para aparecer en guías, ata que nos retire o seu consentimento.</p>
--	---	---	--



### Tratamentos relacionados coa prevención da fraude

Finalidade	Base de lexitimación	Datos tratados	Prazo de tratamento
<p><b>Cliente ou usuario:</b> Identificación do tráfico irregular fraudulento para, caso de se detectar que o Cliente pode ser prexudicado, proceder ao bloqueo das chamadas entrantes ou saíntes.</p>	<p>Obriga legal: De identificación do tráfico irregular por Operadoras de Telecomunicación recollida no Real Decreto 381/2015.</p>	<p>Datos identificativos e de contacto, datos de tráfico de telecomunicacións, produtos e servizos contratados.</p>	<p>12 meses dende a realización do bloqueo.</p>
<p><b>Cliente ou Representante:</b> verificación da exactitude dos datos achegados no marco da contratación e comparación con solicitudes potencialmente fraudulentas noutras <a href="#">Sociedades do Grupo</a>, así como no <a href="#">sistema Hunter</a> ou outras Operadoras de Telecomunicación.</p>	<p>Interese lexítimo: Protexer o cliente e a compañía de posibles fraudes na contratación.</p> <p>As solicitudes de contratación poderán ser rexeitadas logo da súa análise, polo que lle comunicamos que ten dereito a solicitar unha revisión manual do seu caso de producirse a denegación.</p>	<p>Datos identificativos, de contacto, enderezos, medios de pagamento, información do punto de venda, e se proceder: IP, datos de dispositivo, de tráfico e navegación. Verificación de datos, por exemplo, na AEAT ou entidades bancarias.</p>	<p>Durante a relación contractual, e para as denegadas por posible fraude 5 anos.</p> <p>Os datos no sistema Hunter manteranse durante 1 ano, e 5 anos os de casos potencialmente fraudulentos.</p>

#### → Saber máis

En **R**, coa finalidade de protexermos o cliente e a propia compañía fronte a posibles fraudes ou suplantacións de identidade, poderemos verificar a exactitude dos datos achegados no marco da contratación dos nosos produtos ou servizos. Así mesmo, temos un sistema específico

de protección implantado que pode detectar automaticamente este tipo de situacións a través do tratamento de datos identificativos, de contacto, datos de dispositivo, datos económicos, financeiros e de seguros (datos de pagamento), información sobre o punto de venda, ou a contratación, tráfico ou navegación. Poderemos levar a cabo igualmente comprobacións da información proporcionada mediante a consulta, por exemplo, da AEAT ou entidades bancarias.

No caso de que os nosos sistemas automáticos de detección de fraude ou suplantación de identidade deneguen a contratación, vostede poderá solicitarnos a revisión humana do seu proceso de contratación e obter toda a información sobre os motivos desta dirixíndose a [docu@mundo-r.net](mailto:docu@mundo-r.net)

Sistema Hunter antifraude

**R**, para protexer o cliente e a compañía de posibles fraudes na contratación, está adherida á ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE EMPRESAS CONTRA A FRAUDE, cuxos membros son Corresponsables do tratamento dos datos do sistema Hunter.

Os datos facilitados nunha solicitude de contratación serán comparados con outros datos de solicitudes de servizos de telefonía que figuren no sistema Hunter para a prevención da fraude en solicitudes, exclusivamente co obxecto de detectar a existencia de información potencialmente fraudulenta dentro do proceso de aprobación do servizo. No caso de seren detectados datos inexactos, irregulares ou incompletos, a solicitude será obxecto dun estudo máis pormenorizado, e os devanditos datos serán incluídos como tales no sistema e poderán ser consultados para as finalidades anteriormente mencionadas por parte das entidades adheridas ao sistema Hunter e pertencentes ao sector das telecomunicacións, e cuxa listaxe se pode consultar en <https://asociacioncontraelfraude.com>

Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, portabilidade ou limitación ao tratamento dos seus datos perante a Asociación Española de Empresas contra el Fraude, dirixíndose ao seguinte enderezo: Apartado de Correos 2054, 28002 MADRID, a través do envío dunha solicitude asinada e acompañada de fotocopia do seu documento identificativo.



Solvencia patrimonial

Finalidade	Base de lexitimación	Datos tratados	Prazo de tratamento
<p><b>Cliente ou Representante:</b> Creación dun perfil sobre a súa solvencia, para o que se consultarán as débedas vencidas e reclamables noutras <a href="#">Sociedades do Grupo</a>, así como sistemas de información crediticia e ficheiros de solvencia patrimonial.</p>	<p>Interese lexitimo: avaliar a viabilidade da nova contratación e reducir o risco de falta de pagamento.</p> <p>Se a análise resulta negativa, comunicámoslle que a súa solicitude de contratación poderá ser rexeitada e que ten dereito a solicitar</p>	<p>Datos identificativos, datos de facturación e pagamento, débedas vencidas e esixibles, información de sistemas de información crediticia.</p>	<p>Durante a relación contractual</p>

	unha revisión manual do seu caso.		
<b>Cliente:</b> Inscripción das débedas certas, vencidas e esixibles derivadas dunha falta de pagamento en sistemas de información crediticia (en corresponsabilidade con Equifax Ibérica, S.L. ou Experian Bureau de Crédito, S.A.U., segundo o caso).	Interese lexítimo: Recollido no artigo 20 da Lei Orgánica de Protección de Datos e Garantía de Dereitos Dixitais.	Datos identificativos, contía da débeda, categoría de servizos sobre os que se xera a débeda.	Ata a cancelación da débeda ou durante 6 anos dende que é esixible.



Mellora da calidade dos nosos servizos

<b>Finalidade</b>	<b>Base de lexitimación</b>	<b>Datos tratados</b>	<b>Prazo de tratamento</b>
<b>Cientes e Usuarios:</b> Mellora da calidade dos servizos prestados, a través de procesos destinados a predicir, detectar, xestionar e resolver incidencias técnicas ou de calquera índole nos servizos prestados.	Interese lexítimo: Mellora continua dos produtos e servizos prestados aos Clientes e Usuarios a través da análise pormenorizada das redes, sistemas e procesos que os soportan.	Datos facilitados durante a contratación, así como os xerados polo uso dos servizos, incluídos contactos con departamentos internos, uso da web, app, etc. Incluída a xeración de perfís. Máis información a continuación.	Durante a relación contractual e ata 18 meses unha vez rematada.

→ Saber máis

**R**, a partir do seu interese lexítimo de mellorar os nosos servizos e fidelizar a nosa carteira de clientes, pode tamén analizar durante a vixencia do contrato e ata un prazo de 18 meses despois de que remate, o uso que o Cliente fai dos Servizos contratados connosco, o que supón un **Perfilado do uso de servizos**, basicamente con tres finalidades:

- a) Mellorar o servizo, a oferta e a atención ofrecida aos seus clientes con carácter xeral (por exemplo, desenvolver novas tarifas, reducir tempos de espera no servizo de atención ao cliente, enrutar chamadas ao servizo de atención ao cliente de forma eficiente, etc.)
- b) Detectar incidencias, áreas de mellora ou necesidades en relación cos nosos servizos con carácter xeral (por exemplo, problemas con antenas, problemas de cobertura ou da rede, tráfico irregular ou fraudulento e mellorar a atención de incidencias)

c) Elaborar modelos de propensión de abandono e outros modelos estadísticos.

Para estas finalidades utilizamos datos seudonimizados, así como información sobre o uso que o Cliente fai dos servizos que pomos á súa disposición entendendo como tal: servizo de telecomunicacións (o que inclúe a correcta xestión da relación contractual, facturación e pagamentos, a calidade do servizo de telecomunicacións e da rede), servizos de consulta como a app ou o servizo de atención ao cliente e a calidade deses servizos, así como a resolución de incidencias. Por exemplo, a título enunciativo pódense utilizar os seguintes datos: tipo ou número de chamadas realizadas, existencia de roaming, horarios, volume de navegación, zonas de maior ou menor incidencia de tráfico, importes medios de factura ou recarga, incidencias, tipoloxía de incidencia, tempo de espera en atención ao cliente, tipo de atención recibida, tempo de resolución de incidencias, reintentos de chamada errada, se usa ou non a app, etc. Nalgunhas ocasións utilizaranse sistemas de Intelixencia Artificial para realizar estas análises.

Nestes casos, R adoptará as medidas oportunas para garantir que o impacto no dereito á protección de datos do cliente sexa o mínimo. Por exemplo, tratará só aqueles que sexan estritamente necesarios para ese fin. O Cliente pode oporse ao tratamento dos seus datos con esta finalidade escribindo a [docu@mundo-r.net](mailto:docu@mundo-r.net)



Información comercial

Finalidade	Base de lexitimación	Datos tratados	Prazo de tratamento
<b>Cientes:</b> Envío de información sobre mellores tarifas aos usuarios finais a través dos medios de comunicación habituais cunha periodicidade, polo menos, anual.	Obriga legal. Artigo 67.7 da Lei 11/2022, de 28 de xuño, Xeral de Telecomunicacións.	Datos identificativos, información dos servizos contratados e datos de contacto.	Mentres dure a relación contractual
<b>Cientes ou Representantes:</b> Envío de comunicacións comerciais, por medios electrónicos ou non electrónicos, relativas a produtos ou servizos similares aos contratados, noticias, invitacións a eventos ou a participar en concursos, e outras accións de promoción da Sociedade.	Interese lexítimo: ofrecer ao cliente produtos ou servizos similares aos contratados. E para personalizar as comunicacións segmentando os destinatarios a partir de datos obtidos na contratación, recargas e consumos.  Consentimento: <a href="#">Para as personalizacións.</a>	Datos identificativos e de contacto, servizos e produtos contratados, enderezo.  Se hai consentimentos específicos: datos de tráfico e navegación, datos de localización, datos demográficos, dato de uso dos servizos. Máis	Ata que se opoña ou ata 12 meses despois de rematar a relación contractual

		información a continuación.	
<p><b>Cliente ou Representante:</b> Envío de comunicacións comerciais, por medios electrónicos ou non electrónicos, información sobre produtos ou servizos diferentes aos contratados ou prestados por outras empresas <a href="#">do noso Grupo</a>.</p>	Consentimento	<p>Datos identificativos e de contacto.</p> <p>Se hai consentimentos específicos: datos de tráfico e navegación, datos de localización, datos demográficos, dato de uso dos servizos. Máis información a continuación.</p>	Mentres non nos retire o consentimento
<p><b>Cliente e Representante:</b> Enviar comunicacións comerciais de terceiros cos que temos acordos comerciais</p>	Consentimento: Sectores da enerxía, financeiro, gran consumo (por exemplo, informática, electrónica, coidado persoal ou fogar) e lecer.	<p>Datos identificativos e de contacto.</p> <p>Se hai consentimentos específicos: datos de tráfico e navegación, datos de localización, datos demográficos, dato de uso dos servizos. Máis información a continuación.</p>	Mentres non nos retire o consentimento

➔ Saber máis

**R**, ao abeiro do interese lexítimo que nos asiste para realizar a Personalización das nosas ofertas e, en último termo, ofrecer produtos e servizos que respondan mellor ás necesidades e desexos dos Clientes, pode segmentar os destinatarios de cada campaña a partir dos datos obtidos no marco da contratación, recargas e consumo (por exemplo, para dirixir unha oferta



unicamente aos residentes nunha localidade ou área xeográfica concreta, ou aos Clientes que contraten unha determinada tarifa).

Asemade, en **R** entendemos por **perfilado** o uso de datos persoais, datos de uso dos nosos servizos, así como datos de facturación, pagamentos, recargas ou consumos coa finalidade de analizar ou predicir aspectos tales como as súas preferencias persoais, intereses e comportamentos, percepción de calidade dos nosos servizos, etc. Deseguido explicamos os perfilados que podemos chegar a facer en cada un dos tratamentos que realizamos:

#### *Perfilado e enriquecemento de bases de datos con fins comerciais*

En **R**, utilizamos o perfilado con finalidade comercial, naqueles casos nos que o interesado proporcione o seu consentimento, para termos un maior entendemento dos comportamentos dos nosos clientes, como, por exemplo, a súa propensión a adquirir liñas adicionais, liñas converxentes, a abandonar **R**, etc. Para iso utilizamos modelos estatísticos baseados na análise do uso dos nosos servizos e as interaccións realizadas polos nosos clientes. O obxectivo é podermos coñecer máis polo miúdo cales son os intereses dos nosos Clientes para ofrecerlles información comercial sobre os nosos produtos ou servizos (ofertados por **R** ou calquera outra [empresa do Grupo](#)) pertinente en función do seu perfil, intereses e necesidades. Entre os datos que podemos tratar con estes fins, ademais dos solicitados no marco da contratación, facturación e consumo, atópase información persoal que nos puido proporcionar o cliente en distintos contextos, por exemplo idade, enderezo ou calquera outra que nos facilitou no marco, por exemplo, de campañas específicas ou enquisas, como intereses, ou información sobre o seu terminal ou preferencias.

O Cliente pode graduar o seu consentimento sobre como desexa que utilicemos datos provenientes doutras fontes para enriquecer a información da que dispomos sobre os nosos Clientes a partir de datos persoais e estatísticos non personalizados, como, por exemplo:

- a) Bases de datos de fontes de acceso público (publicacións/bases de datos postas á disposición do público por autoridades oficiais ou terceiros, por exemplo, o Boletín Oficial do Estado ou Rexistros Públicos),
- b) Criterios xeográficos (provincia, localidade, código postal, área censual, etc.),
- c) Información catastral,
- d) Datos sociodemográficos (renda media ou taxa de paro por distrito ou poboación na que reside),
- e) Datos recibidos das interaccións dixitais realizadas polos clientes, por exemplo, por medio do uso de cookies, píxeles ou calquera tecnoloxía de seguimento. Estas actuacións atópanse reguladas na política de cookies, que pode consultar aquí.
- f) Datos de interaccións con outros produtos e servizos dixitais como son a nosa app, cookies e píxeles das nosas páxinas web, actuacións que realiza nos nosos perfís de redes sociais e os datos que podemos solicitar a través de servizos como SmartWifi.
- g) Datos derivados de servizos prestados por outras empresas do Grupo no caso de que consinta que no los faciliten.

Este tratamento de datos require do consentimento do Cliente e a información se conservará mentres o Cliente non retire o seu consentimento.

#### *Tráfico e navegación para promocións comerciais*

**R**, no caso de o cliente manifestar o seu consentimento, poderá tratar os seus datos de tráfico, entendendo como tal o uso que se fai dos servizos contratados (duración das chamadas, horarios nos que se realiza un maior número de chamadas, tipo de contido consumido –voz,

vídeo, mensaxaría, fotografías, música, etc.–) destinado á promoción comercial de servizos de comunicacións electrónicas na medida e durante o tempo que se requira para iso.

Trataremos os datos de tráfico con esta finalidade mentres o Cliente non retire ese consentimento.

#### *Localización para promocións comerciais*

**R** poderá tratar datos de localización de acordo co consentimento dos Clientes coa finalidade de lles proporcionar información comercial a partir da devandita localización. Nese sentido, só se tratará o dato de código postal segundo a conexión de dispositivo móbil para coñecer se está nun diferente ao que figura no contrato, así como os días da devandita conexión.



Trataremos os datos de tráfico con esta finalidade mentres o Cliente non retire ese consentimento.








#### ➔ **A quen comunicamos os seus datos?**




**R** nunca compartirá os seus datos persoais con terceiros agás que teñamos o seu consentimento, exista unha obriga legal ou sexa preciso para manter a relación contractual, prestar os servizos e outras tarefas asociadas a estas finalidades.

Por unha banda, apoiámonos en empresas especializadas que nos axudan con algunhas das funcións necesarias para a prestación dos servizos, e que para o desenvolvemento das súas tarefas deben acceder a datos persoais e tratalos, actuando como encargados do tratamento. Estes provedores de confianza, que poderán tratar os datos para as finalidades sinaladas, pertencen aos sectores de: Atención ao Cliente, Loxística, Xestión administrativa, Publicidade e comunicación, Servizos Xurídicos, Empresas de Recobro, Sistemas de información, Ciberseguridade e Xestión documental, entre outros.

Por outra banda, **R** debe comunicar os seus datos a outras organizacións ou administracións para poder prestarlle os servizos ou en cumprimento das súas obrigas legais:

<b>Destinatarios</b>	<b>Categorías de datos</b>	<b>Bases de lexitimación</b>
 operadores	Datos identificativos, de contacto e de tráfico	Execución dun contrato (enrutamento de chamadas, interconexión, xestión de STA)
	Outros Datos identificativos, número de teléfono	Obriga legal para o proceso de portabilidade numérica (artigo 33 da Lei 11/2022 Xeral de Telecomunicacións)
	Número de teléfono, data de portabilidade.	Interese lexitimo dos clientes para detectar posibles fraudes na contratación.
 Entidade bancaria a respecto da cal	Datos identificativos, de facturación e cobro, medios de pagamento.	Execución dun contrato

vostede aceptara a domiciliación de “Cargo Directo SEPA”		
 Titulares de ficheiros comúns de solvencia patrimonial: Equifax Ibérica, S.L. e Experian Bureau de Crédito, S.A.U.	Datos identificativos e débeda pendente	Interese lexítimo: art. 20 Lei Orgánica de Protección de Datos e Garantía de Dereitos Dixitais
 Asociación <a href="#">Española de Empresas contra el Fraude</a>	Datos identificativos, de contacto, medios de pagamento, produtos e servizos contratados.	Interese lexítimo das empresas adheridas de detectar información potencialmente fraudulenta dentro do proceso de aprobación do servizo
Outras empresas do <a href="#">Grupo</a>	Datos identificativos, de contacto, medios de pagamento, débeda, produtos e servizos contratados.	 Interese lexítimo: Prevención da fraude
	Datos de contacto	 Interese lexítimo: Optimización de accións comerciais para evitar duplicidades entre marcas do Grupo
	Datos identificativos, de contacto, medios de pagamento, facturación e cobro, tráfico de telecomunicacións.	 Interese lexítimo: Fins administrativos internos do Grupo Empresarial
	Datos identificativos, de contacto, produtos e servizos contratados con fins comerciais	 Consentimento
Terceiras empresas: Sectores da enerxía, financeiro, gran consumo e lecer, entre outros.	Datos identificativos, de contacto, <a href="#">personalización comercial</a> (se media consentimento).	 Consentimento

 <p>Sistema de Xestión de Datos de Abonado (CNMC)</p>	Servizos de emerxencia: datos identificativos, de contacto e localización	Obriga legal: Circulares da CNMC 1/2013 e 5/2014
	Guías de abonado: datos identificativos e de contacto	Consentimento
	Uso de información de guías de abonado con fins comerciais: datos identificativos e de contacto	Consentimento
 <p>Axentes facultados (como forzas e corpos de seguridade do Estado) e xuíces e tribunais</p>	Os previstos na lexislación vixente. Máis información <a href="#">AQUÍ</a>	Obriga legal: Lei 25/2007 de Conservación de Datos e Código penal, entre outras
 <p>Administracións públicas, como Axencia Tributaria, CNMC, Ministerio competente, autoridades en materia de consumo, Axencia Española de Protección de Datos</p>	Os requiridos en cada caso. Adoito, datos identificativos, de contacto e de facturación.  No caso do Tráfico Irregular: datos de tráfico de telecomunicacións	Obrigas legais

➔ Saber máis

#### Cooperación con Axentes Facultados

Comunicámoslle que, en cumprimento da lexislación vixente, estamos obrigados a conservar e comunicar certo tipo de datos en relación co seu servizo de telecomunicacións ás forzas e corpos de seguridade do Estado, xulgados e tribunais no exercicio das súas funcións, Ministerio Fiscal e outras autoridades con competencia na materia. As categorías de datos que serán tratados con esta finalidade serán datos identificativos, de contacto e de tráfico solicitados ou xerados no marco da súa relación contractual con **R** ou da prestación dos nosos Servizos, ademais de información relacionada coas comunicacións realizadas a través do noso servizo, como información de chamadas entrantes e saíntes, enderezos IP asignados, datos de localización ou enderezos de correo electrónico emisores ou receptores de comunicacións. A base de lexitimación deste tratamento é o cumprimento de obrigas legais. Os datos tratados con esta finalidade serán tratados mentres a liña permaneza activa e, posteriormente, durante os prazos legalmente previstos para iso. Os datos de tráfico tratados coa única finalidade de cumprir a mencionada lexislación conservaranse durante un ano.

## ➡ Transferencias internacionais

Na seguinte táboa poderán consultarse os países de fóra do Espazo Económico Europeo nos que os provedores da sociedade poderán tratar datos persoais no marco da prestación dos servizos indicados a continuación:

Servizo	País
Soporte técnico experto	India

Ademais do indicado na táboa anterior, **R** pode contar con algún provedor que requira tratar puntualmente datos de usuarios dende fóra do Espazo Económico Europeo, como algún servizo técnico ou de soporte, de acordo coa execución do contrato nos termos previstos nas finalidades da táboa do apartado 2.

En todo caso, definíronse garantías para asegurar un nivel axeitado de protección dos datos persoais. Estas garantías adoitan consistir na subscrición de cláusulas contractuais tipo aprobadas pola Comisión Europea con aqueles provedores que se atopen nesta situación ou Normas Corporativas vinculantes, dependendo de cada caso. En caso de que queira obter unha copia ou información sobre estas garantías, pode escribir á nosa Delegada de Protección de Datos no enderezo de correo electrónico indicado na sección 1.

## ➡ Durante canto tempo conservaremos os seus datos?

**R** só utilizará os datos mentres sexan necesarios para a finalidade coa que se obtiveron. Poderá obter información sobre estes prazos nas táboas do apartado 2. Procederá a bloquealos cando rematen estes prazos. A partir dese momento estarán á disposición só das autoridades policiais ou xuíces e tribunais, o Ministerio Fiscal ou as Administracións Públicas competentes ata a prescrición das obrigas legais e responsabilidades derivadas do tratamento (artigo 32 da Lei Orgánica de Protección de Datos e Garantía de Dereitos Dixitais), prazo que xeralmente é de seis anos após a finalización do contrato. Todo iso agás que exista algún tipo de reclamación administrativa ou xudicial, nese caso os datos manteranse ata que remate o procedemento e o resultado adquiera firmeza.

No entanto, hai categorías de datos e finalidades para os que se aplican distintos prazos de conservación, que poden consultarse no apartado 2.

## ➡ Información necesaria e actualizada

Para que a información que facilite estea sempre actualizada e non conteña erros, o Cliente ou o Representante deberá comunicar, o máis axiña posible, as modificacións dos datos persoais que se vaian producindo a través das vías de comunicación publicadas na web do Responsable. Así mesmo, poderá actualizar estes datos persoais a través da área privada de Cliente.

Por outra banda, existen datos que é obrigado cubrir, de tal xeito que a omisión dalgún deles podería comportar a imposibilidade de prestar o servizo contratado.

## ➡ Cales son os seus dereitos?

Comunicámoslle que, consonte o previsto na lexislación de protección de datos, conta cos seguintes dereitos:

- Dereito de acceso: Coñecer que tipo de datos estamos a tratar e as características do tratamento que estamos a levar a cabo.
- Dereito de rectificación: Poder solicitar a modificación dos seus datos por ser estes inexactos ou non veraces.
- Dereito de portabilidade: Poder obter unha copia nun formato interoperable dos datos que estean a ser tratados.
- Dereito á limitación do tratamento nos casos recollidos na Lei.
- Dereito de supresión: Solicitar a supresión dos datos cando o tratamento xa non resulte necesario.
- Dereito de oposición: Solicitar que os seus datos deixen de usarse cando a base legal, das indicadas na táboa do apartado 2, sexa o interese lexítimo (como para o envío de comunicacións comerciais).
- Dereito a revogar o consentimento prestado, o que pode facer en calquera momento chamando a atención ao cliente ou a través da área privada.

Ten información detallada sobre cada dereito, así como axuda para exercitalos, [na nosa web](#). Pode exercitar estes dereitos quer mediante correo postal a R/ Real 85 7º 15003 A Coruña quer mediante correo electrónico ao enderezo [docu@mundo-r.net](mailto:docu@mundo-r.net), indicando o dereito que desexe exercitar e acompañando a documentación requirida. Así mesmo, comunicámoslle que pode interpor unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos en [www.aepd.es](http://www.aepd.es).

Se ten algunha dúbida sobre o tratamento dos seus datos persoais, pode contactar coa nosa Delegada de Protección de Datos (DPD ou DPO) enviando un correo electrónico a [dpd@mundo-r.net](mailto:dpd@mundo-r.net)

## ➡ Códigos de conduta

**R** está adherida ao **Código de Conduta de Tratamento de Datos na Actividade Publicitaria**, que ten por finalidade demostrar o cumprimento das obrigas de protección de datos nos tratamentos con fins publicitarios ou que versen sobre publicidade.

Consulte [aquí](#) toda a información sobre este código de conduta.